BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Luns, 4 de xullo de 2022
Núm. 126

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

## XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

## ÁREA DE RELACIÓNS LABORAIS DE PONTEVEDRA

**Convenios colectivos**

*TÁBOAS SALARIAIS DO ANO 2021 PARA O PERSOAL DAS EMPRESAS DO SECTOR DERIVADOS DO CEMENTO*

*Código de Convenio número 36000505011981*

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproban as táboas salariais do ano 2021, para o persoal da empresas do sector de DERIVADOS DO CEMENTO, con domicilio en Pontevedra, subscrito en representación da parte económica, pola organización empresarial ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE DERIVADOS DO CEMENTO(ASFADECE) e da parte social, polas centrais sindicais CCOO e UGT, en data 26 de maio do 2022.

*Primeiro.-* Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 27 de maio do 2022.

*Segundo.-* Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.-* Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

*Segundo.-* Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

*Terceiro.-* Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

*A C O R D A:*

*Primeiro.-* Ordenar o seu rexistro e inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:N54EVUX84UZV78BN

*Segundo.*- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego.

*Terceiro.*- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 31/05/2022.—A Xefa Territorial

**CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE DERIVADOS DO CEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

*COMISIÓN NEGOCIADORA 2ª Reunión 2022 26 de Maio de 2022*

**ASISTENTES:**

| **Representación social:** | **Representación empresarial:** |
|---|---|
| **UGT:** | **ASFADECE** |
| Juán José Santos Curras | Francisco García Carrillo |
| **CIG** | |
| Xaquín Agulla Gómez | Leticia Pérez Santamaría |
| **CCOO:** | José Mª Dios Villameá |
| Ricardo Oscar Santos Reiriz | Alfonso Magán Carrillo |
| José Manuel Gandara | |

En Vilagarcía de Arousa, nas instalación de Comisións Obreiras (CCOO), sendo as 12:00 horas do día 26 de Maio de 2022, reúnese a mesa da comisión negociadora do Convenio Colectivo do sector de Derivados do Cemento da provincia de Pontevedra.

Dado o avanzado do ano, estando xa a 26 de maio de 2022, CCOO e UGT con ASFADECE, acordan suscribir o acordó parcial dentro da negociación do novo Convenido Derivados Pontevedra coa asinatura dun incremento salarial para 2021 de un 2% sobre as táboas de 2019, con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2021, sendo abonados os atrasos xerados dentro do mes seguinte a publicación no BOPPO.

Para a aplicación de este incremento salarial, e mentres non se chegue a un novo acordó dentro da negociación do novo Convenio, concretase según o aumento de consumo de cemento do ano 2021, que se estima esta horquilla de +1,5%, según a táboa da Disposición final primeira do Convenio Provincial de Pontevedra Sector de Derivados do Cemento (BOPPO Num. 246, do 26 de decembro de 2018), prorrogándose durante o 2021 todos os términos do Convenio Provincial de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:N54EVUX84UZV78BN

De esta forma, o incremento salarial acordado para 2021 e de +1,5% o que por acordó entre as partes, un emulento extraordinario de +0,5%, como recoñecemento aos traballadores do sector as circunstancias tan excepcionais vividas durante a Pandemia en 2020.

Por parte da CIG manifesta o seu descordo coa firma de estas táboas salariais por considerar infimo o incremento e a utilización dun criterio para o calculo da revisión salarial que tampouco comparten, polo que non suscribe a firma de estas táboas.

As partes acordan autorizar a D. Ignacio Bouzada Gil, do Consello Galego de Relacions Laborais, para proceder a realizar cantos trámites sexan necesarios ante a autoridad laboral para a inscripción e registro do presente acordo de calendario laboral na Plataforma Regcon, así como en tódolos rexistros correspondentes que sexan precisos, coa finalidade da sua validación e publicación.

E non habendo máis asuntos que tratar, levantase a sesión sendo as 14:05 horas do día e lugar arriba indicados, do cal as partes dan fe coa súa sinatura.

**Tablas Derivados Cemento 2021 Pontevedra**

| NIV | G | SALARIO BASE MES | COMPLEM CONVENIO | COMPLEM. NO SAL | PAGA EXTR JULIO | PAGA EXTR NAVIDAD | REMUNERACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| II | 1 | 2.365,17 € | 7,77 € | 5,72 € | 2.139,71 € | 2.139,71 € | 35.588,76 € |
| III<br>IV<br>V | 2 | 2.008,36 € | 6,66 € | 5,72 € | 1.820,65 € | 1.820,65 € | 30.428,08 € |
| VI<br>VII | 3 | 1.509,66 € | 5,23 € | 6,13 € | 1.375,93 € | 1.375,93 € | 23.332,90 € |
| VIII | 4 | 1.344,82 € | 4,69 € | 6,13 € | 1.229,04 € | 1.229,04 € | 20.943,86 € |
| IX | 5 | 1.304,09 € | 4,55 € | 6,13 € | 1.192,57 € | 1.192,57 € | 20.351,78 € |
| X | 6 | 1.263,15 € | 4,43 € | 6,13 € | 1.155,83 € | 1.155,83 € | 19.760,98 € |
| XI | 7 | 1.223,18 € | 4,30 € | 6,13 € | 1.119,03 € | 1.119,03 € | 19.179,53 € |
| XII | 8 | 1.200,59 € | 4,14 € | 6,13 € | 1.100,09 € | 1.100,09 € | 18.835,85 € |

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:N54EVUX84UZV78BN